



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: AMPLIACIÓN HORARIO DE ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO DURANTE O NADAL DO 2025
Expediente: 2025/G003/001200

Atendendo as demandas da veciñanza con motivo da celebración das festas do Nadal e en aplicación do disposto na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en relación coa Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Polo presente en uso das facultades outorgadas legalmente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Ampliar en **unha (1) hora** o horario de peche ordinario dos locais de hostalería do concello de Vedra abertos ao público, así coma a finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas durante o período de NADAL. A ampliación será de unha hora sobre o horario límite de peche establecido para cada categoría do local.

SEGUNDO.- Dar conta de este decreto ao Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que se celebre, así como publicidade do mesmo na páxina web do concello.

Vedra, asinado na data que figura na sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente

A Secretaria Accidental

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

Asdo. Mercedes Pereiras Caldelas